

ARTURO E CLEMENTINA




Adaptación do conto de Adela Turín
Ilustracións de Nella Bosnia.



UN DÍA ARTURO E CLEMENTINA, DÚAS TARTARUGAS,
COÑECÉRONSE Á BEIRA DUNHA LAGOA E
NAMORÁRONSE.

MENTRAS PASEABAN
CLEMENTINA
CONTÁBALLE A
ARTURO OS SEUS SOÑOS



CLEMENTINA DICÍA:
“VIAXAREMOS POLO MUNDO E
COÑECEREMOS OUTRAS
LAGOAS E OUTRAS
TARTARUGAS...
E PODEMOS IR
A VENEZIA!

ARTURO
SORRÍA E DICÍA:
“VALE “.





PERO LOGO DE CASAR, ARTURO
DECIDIÓ QUE IRÍA EL SÓ A PESCAR
E QUE CLEMENTINA QUEDARA NA
CASA.


CLEMENTINA ABURRÍASE MOITO
SEN NADA QUE FACER.

“ABURRIDA?” ,
BERRABA ARTURO.
SÓ OS PARVOS SE ABURRREN!



UN DÍA, CANDO VOLVEU
ARTURO, CLEMENTINA
DÍXOLLE;
“GOSTARÍAME TER
UNHA FRAUTA PARA
FACER MÚSICA”


PERO ARTURO
CONTESTOU:
“ESTÁS TOLA?,
TI NON SABES
TOCAR!”



AQUELA NOITE ARTURO APARECEU CUN TOCADISCOS E
ATOULLO ÁS COSTAS.

“É PARA QUE NON O PERDAS , QUE TI ERES MOI PARVA.

CLEMENTINA NON QUERÍA SER PARVA, ASÍ QUE QUEDOU
CALADA.



A blue-toned illustration of a landscape. In the background, there are rolling hills or mountains. In the middle ground, a person is sitting on a bench or a low wall, painting a fence. The fence is made of vertical posts and horizontal rails. The foreground shows a body of water with some ripples. The overall scene is peaceful and artistic.

DALÍ A UNS DÍAS CLEMENTINA XA
ESTABA CANSA DE ESCOITAR O
TOCADISCOS E DÍXOLLE A ARTURO:

“SABES?, ALGÚNS DÍAS VEXO UNHAS
FLORES MOI BONITAS, SE TIVESE
CERAS GOSTARÍAME PINTALAS.

“ MENUDA PARVADA!, DIXO ARTURO.
SE TI NON SABES PINTAR!”.

E CLEMENTINA, QUE NON QUERÍA SER PARVA, QUEDOU CALADA.



AO POUCO, ARTURO APARECEU CUN CADRO ENORME.

“SEICA CHE GOSTA A PINTURA, NON?
POIS XA TES UN CADRO.


VOUCHO ATAR , QUE COMO ERES TAN PARVA
IGUAL O PERDES, E CUSTOU MOITOS CARTOS.”






CADA VEZ CLEMENTINA TIÑA
MÁIS PESO.

UN DÍA ARTURO TROUXOLLE
UN FLOREIRO,
E ATOULLO.




OUTRO DÍA UNHA
COLECCIÓN DE PIPAS.



LOGO UNHA
ENCICLOPEDIA...

HOUBO QUE LLE POÑER UN
SEGUNDO ANDAR Á CASA
DE CLEMENTINA.



CLEMENTINA XA NON
SE PODÍA MOVER E
ARTÚRO LEVÁBALLE O
XANTAR.


“QUE FARÍAS SEN
MIN?” DICÍA.

E CLEMENTINA
PENSABA:

¿QUE FARÍA.....?



CANDO A CASA DE DOUS
ANDARES QUEDOU
CHEA, ARTURO
BOTOULLE TRES
ANDARES MÁIS.



A CASA DE CLEMENTINA
XA TIÑA 25 ANDARES
CANDO UNHA MAÑÁ DE
PRIMAVERA DECIDIÚ.....

...QUE NON PODÍA SEGUIR
ASÍ....

AMODIÑO, BOTOUSE PARA
FORA DA CASA
ATA SAIR DELA DE TODO,
E DEU UN PASEO
POLA BEIRA DA LAGOA.



QUE BEN O PASOU!

PERO VOLVEU AXIÑA PARA Á CASA, NON FORA SER QUE
ARTURO SE ALPORIZARA SE SE ENTERABA QUE SAÍRA.





TODOS OS DÍAS SAÍA A DAR UN PASEO EN CANTO ARTURO
MARCHABA, E CLEMENTINA CADA DÍA ESTABA MÁIS
LEDA.


ARTURO ANDABA EXTRAÑADO: “DE QUE SORRÍS?
VES COMO ERES UNHA PARVA?”



E UN DÍA, ARTURO ATOPOU A CASA
BALEIRA .




ALPORIZOUSE TODO
E LEVA ANOS CONTÁNDOLLE AOS SEUS
AMIGOS
“ESA CLEMENTINA ERA UNHA
DESAGRADECIDA.
NON TIÑA FALTA DE NADA. ¡VINTECINCO
ANDARES CHEOS DE TESOUROS!”



AS TARTARUGAS VIVEN MOITÍSIMOS ANOS E SEGURO QUE CLEMENTINA SEGUE FELIZ VIAXANDO POLO MUNDO, TOCANDO A FRAUTA E PINTANDO FLORES.

SE ATOPAS UNHA TARTARUGA SEN CASA BÉRRALLE:

**“¡CLEMENTINA, CLEMENTINA!.
DE SEGURO QUE É ELA.**



FIN

